

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúne con carácter ordinario no Pazo provincial ás 12:25 h do día 24 de xullo de 2026, baixo a presidencia de **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D.ª PAULA BOUZÓS BARROS**, en substitución de D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, **D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA, D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUISASOLA PADÍN, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ, D.ª DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 19 de xuño de 2026.

2.- DAR CONTA DAS CONDICIÓN XERAIS PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATOS DE PATROCINIOS CON ENTIDADES PRIVADAS NO ÁMBITO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS NA P ROVINCIA DE PONTEVEDRA “RÍAS BAIXAS ACCIÓN”, ANO 2026 (Expte. 2026009880)

O presidente dá conta das condicións xerais para a realización de contratos de patrocinio con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais na provincia de Pontevedra “Rías Baixas Acción”, publicadas no BOPPO núm. 120, de 26 de xuño de 2026, que teñen por finalidade regular a solicitude de colaboración da Deputación de Pontevedra e materializarse en contratos privados de patrocinio para a realización de proxectos audiovisuais, incluíndo dúas liñas: proxectos audiovisuais e obras de animación (longametraxes, curtametraxes e series) e documentais, que melloren a visibilidade e a notoriedade da provincia de Pontevedra e que reúnan unha serie de requisitos, como estar fundamentalmente rodadas en lingua galega, en escenarios da provincia e iniciarse ou estar iniciados no ano 2025 ou en fase de rodaxe e súa produción audiovisual rematar no ano da convocatoria, ou en todo caso, antes do 30 de setembro do ano seguinte.

Esta liña de patrocinios imputarase con cargo á aplicación 26/330.3340.226.34 do vixente orzamento provincial por un importe de cento setenta mil (170.000,00) euros ata esgotar o devandito crédito, en dúas liñas de actuación, co fin de realizar unha asignación máis equitativa:

Liña 1: 100.000,00 euros

- Vinte e cinco mil (25.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de longametraxes (duración mínima de 60 minutos)



- Tres mil cincocentos (3.500,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de curtametraxes
- Quince mil (15.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de series

Liña 2: 70.000,00 euros

- Sete mil (7.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio a produción de documentais de longa duración (duración de máis de 40 minutos)
- Tres mil (3.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de curtas documentais (ata 40 minutos de duración)
- Tres mil (3.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de podcast documental

O patrocinio máximo por entidade beneficiaria en ningún caso poderá exceder o 50 % do orzamento total do proxecto (incluídos os impostos).

O prazo de solicitude comezou a partir do día seguinte ao da publicación no BOPPO e remata o 30 de agosto de 2026.

3.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2026 (Expte. 2026001816)

O presidente dá conta da concesión de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas na provincia de Pontevedra no ano 2026, aprobada na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 19 de xuño de 2026. As entidades que reciben a subvención por un importe total de douscentos mil euros (200.000 €), 150.000,00 € correspondentes á liña 1 e 50.000,00 € correspondentes á liña 2, aparecen relacionadas no documento con CSV: 5PE9XF9BVMIT3XP4.

As bases destas subvencións foron publicadas no BOPPO núm. 29, do 12 de febreiro de 2026, co obxecto de aprobar a convocatoria e o procedemento polo que se rexeu a concesión, o seguimento e a xustificación das axudas para a organización de festivais musicais e de artes escénicas que teñen lugar na provincia de Pontevedra e que lles dediquen especial atención á programación e á difusión da música e do teatro galegos, ademais doutras variantes artísticas, e que se levasen a cabo como mínimo en catro edicións consecutivas nos últimos anos. A concesión das subvencións, por concorrência competitiva, estivo suxeita á dispoñibilidade orzamentaria, para as que se destinou un importe total de douscentos mil euros (200.000 €) euros con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05. No prazo establecido presentaron solicitude 19 entidades, das que cinco foron excluídas e figuran no expediente co CSV:6KVS0DFTYSUQ3KG1, quedando admitidas as 14 restantes, que percibirán as seguintes cantidades segundo a valoración acadada trala reunión da Comisión de Valoración:

Liña 1:



Concello	CIF	Terceiro	Obxecto da subvención	Importe concedido
Estrada, A	G36258960	ASOC A XESTEIRA	Liña 1: As Nosas Músicas 29ª Edición	9.506,44 €
Lalín	G94163722	ASOC CULTURAL BOLARQUEIRA	Liña 1: Festival de Música Nocedarock X Edición	6.496,07 €
Mos	G36024289	ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EULALIA	Liña 1: Festival O Son do Pazo	8.397,36 €
Ponteareas	G94180007	ASOCIACION CULTURAL ROCK IN RIO TEA	Liña 1: Festival Rock in Río Tea 2026	15.131,09 €
Redondela	G36590800	ASOCIACION MILLO VERDE	Liña 1: Festival Alternativo Millo Verde	14.259,66 €
Salvaterra de Miño	G36017952	ASOC SOCIEDADE CULTURAL E DEPORTIVA CONDADO	Liña 1: 38º Festival da Poesía no Condado	12.279,15 €
Salvaterra de Miño	G94052404	ASOC. CULTURAL QUINTA DO PIÑEIRO	Liña 1: Festival "Sementeira e Música" 2026	12.675,25 €
Silleda	G16815995	ASOCIACIÓN FESTIBANDEIRA	Liña 1: Festival "Murallón de Son"	5.228,54 €
Vigo	G36617082	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	Liña 1: XXXIII Revoltallo de Música e Cultura Emerxente	11.000,00 €
Vigo	G27751296	ASOC CULTURAL VERTIXE	Liña 1: Festival Vértixe 14	15.051,86 €
Vigo	G94084456	ASOCIACION CULTURAL GALICIA FIDDLE	Liña 1: VI Encordass Fiddle Fest ESpecial Escocia	14.101,22 €
Vila de Cruces	G94111481	ASOC. CULTURAL AGOLADA CREA	Liña1: FIP Merzapercusión 2026 XXI edición	12.405,90 €
Vila de Cruces	G94012374	ASOCIACIÓN CULTURAL MERZABRASS	Liña 1: Galaico Brass Festival 2026	9.664,88 €
Vilagarcía de Arousa	G94100328	ASOC CULTURAL AMEIXA ROCK	Liña 1: Ameixa Rock	3.802,58 €
TOTAL.....				150.000,00 €

Liña 2:

Cambados	G36349850	ASOC.TEATRO CIA CARACOL	Liña 2: Festival Desfoga	5.830,04 €
Cangas de Morrazo	G36024990	ASOCIACION CIVICO CULTURAL XIRIA	Liña 2: 43ª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas	23.814,23 €
Redondela	G36454445	ASOCIACIÓN XENTE TITIRITEIRA	Liña 2: XXVII Festival Internacional de Títeres de Redondela. Memorial Juanjo Amoedo	20.355,73 €
TOTAL.....				50.000,00 €

4.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2026 (Expte. 2025080622)

O presidente dá conta da concesión de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026, cuxa convocatoria foi publicada no BOPPO núm. 31, de 16 de febreiro de 2026, cun orzamento de 150.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/334.3340.489.05. Trala comprobación das solicitudes presentadas no prazo estipulado nas bases, resultaron admitidos 61 expedientes que figuran na relación con CSV: 0HU30CIP4MQHSOFU cun importe global concedido de 150.000,00 € e quedaron excluídos 13 expedientes, correspondentes a entidades culturais sen fins de lucro que



incumpriron algúns dos puntos estipulados nas bases e que figuran na relación con CSV: CR5DRUY1D2GRV5KN.

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) DE APOIO Á ACTUALIZACIÓN

O voceiro do grupo provincial do Partido Popular, D. Jorge Cubela López, presentou o día 20 de xullo de 2026, co número de rexistro WEB2026059712, unha moción sobre o apoio á Actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega, cuxo contido é o seguinte:

MOCIÓN DE APOIO Á ACTUALIZACIÓN DO PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA QUE PRESENTA O GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, conforme ao previsto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para elevar ao Pleno a seguinte proposta que trae a súa causa na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece que o galego é a lingua propia de Galicia, tendo todos os cidadáns o dereito de coñecelo e empregalo, de igual xeito que o castelán, por ser a lingua oficial do Estado. Neste senso, as administracións públicas teñen a obriga de garantir o uso normal e oficial de ambos idiomas, potenciando o emprego do galego en todas as ordes da vida pública.

Ao longo da historia democrática de Galicia existiu un escenario de consenso arredor da lingua, primeiro para a aprobación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e, máis adiante, para o impulso do Plan xeral de normalización da lingua galega. Estes dous marcos reguladores foron aprobados por unanimidade no Parlamento de Galicia.

Na actualidade, o Goberno galego mantén aberto un escenario de diálogo político e social no marco do Pacto pola Lingua, co que pretende impulsar novas medidas para a promoción do uso do idioma en todos os planos da vida pública, adaptándose ás novas formas de socialización.

Neste eido, o Goberno galego vén de presentar un documento con case 700 medidas para a actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega, froito do traballo de máis 130 profesionais de todos os sectores e das 1.400 achegas recibidas por parte de institucións, asociacións, entidades e particulares nos máis de 400 contactos e a través da caixa de correo electrónico.



Agora, cómpre que do debate político xurda o consenso necesario para impulsar un novo marco regulador para o galego, o cal permita afrontar, como unha gran oportunidade, todos os retos de futuro que Galicia ten por diante.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

- 1. O Pleno da Deputación de Pontevedra acorda, como resolución, o apoio á actualización do Plan xeral de Normalización da Lingua Galega para o impulso de novas medidas que adapten o uso do idioma a todos os planos da vida pública.*
- 2. Instar ás forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia a retomar o diálogo co obxectivo de construír novos consensos sobre a política lingüística de Galicia.*
- 3. Dar traslado deste acordo á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.*

En Pontevedra, a luns 20 de xullo de 2026.

Jorge Cubela López

Voceiro do Grupo Provincial do PP na Deputación de Pontevedra

Sometida a votación a moción do grupo provincial do Partido Popular de solicitude de apoio á Actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega, obtívose o seguinte resultado:

1. Votos a favor: (9), do grupo provincial do Partido Popular.
2. Votos en contra: (2), do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego
3. Abstencións: (6), do grupo provincial do PSdeG-PSOE

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico ditamina favorablemente a moción presentada polo grupo provincial do Partido Popular sobre o “Apoio á Actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega”, cos votos a favor das deputadas e deputados do grupo provincial do Partido Popular, cos votos en contra do grupo provincial do BNG e coas abstencións do grupo provincial do PSdeG-PSOE.

6.- Rogos e preguntas

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 12:30 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

